

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL**

RESOLUCIÓN do 30 de decembro de 2016 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2017 e 2018, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

A programación para a medida Leader correspondente ao período 2014-2020 réxese polo disposto nos artigos 32 ao 35 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sobre disposicións comúns referidas aos fondos Feader, Feder, Fondo de Cohesión, FSE e FEMP, e polo disposto nos artigos do 42 ao 44 do Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (en diante, Feader). Os citados artigos regulan o desenvolvemento local participativo a través dos grupos Leader de desenvolvemento rural (en diante, GDR).

O Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), aprobado mediante a Decisión de execución da Comisión Europea do 18 de novembro de 2015 (CCI: 2014ES06RDRP011), prevé na ficha correspondente á medida 19 (Leader) a tramitación de subvencións a través das estratexias de desenvolvemento local elaboradas polos GDR.

Neste contexto, a Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Local (en diante, a Agader), mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016, publica o acordo do Consello de Dirección da Agader, do 10 de febreiro, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

Ao abeiro das bases reguladoras citadas no parágrafo anterior, mediante acordo do Consello de Dirección da Agader, do 16 de novembro de 2016, seleccionáronse 24 estratexias de desenvolvemento local presentadas por outras tantas asociacións que obtiveron o recoñecemento de GDR como entidades colaboradoras da Agader na xestión da medida Leader.



A colaboración entre a Agader e os GDR na xestión da medida Leader regúlase, conforme o previsto no artigo 13 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, LSG) (DOG núm. 121, do 25 de xuño), mediante o convenio de colaboración que o Consello da Xunta autorizou o 5 de agosto de 2016 e as partes asinaron o 13 de decembro de 2016.

Por outra parte, mediante o acordo do Consello de Dirección da Agader, do 29 de decembro de 2016, aprobáronse as bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e publicáronse mediante a Resolución da Agader do 29 de decembro de 2016 (DOG núm. 12, do 18 de xaneiro de 2017).

As bases reguladoras sinaladas no parágrafo anterior establecen as regras para a xestión das axudas correspondentes tanto á submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local) como á submedida 19.4 (custos correntes da estratexia de desenvolvemento local e animación e promoción territorial) da medida Leader.

Esta convocatoria está sometida ás bases reguladoras anteriores e refírese unicamente ao importe dispoñible na submedida 19.2 da medida Leader do PDR de Galicia 2014-2020 para as anualidades 2017 e 2018.

Por outra banda, a Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 e pola Orde do 25 de outubro de 2001, posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

De acordo con esa normativa, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso do gasto. Todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento da orde citada enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da aprobación desta convocatoria.

O 2 de decembro de 2016, o Consello da Xunta aprobou o proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, no que está consignado o crédito a favor da submedida 19.2 do PDR por importe de 13.520.102 €.



Con respecto á anualidade 2018, está previsto un gasto de 7.630.000 €.

Desde o punto de vista da normativa de axudas do Estado, conforme o previsto no capítulo VII (fichas de elegibilidade) das bases reguladoras que rexen esta convocatoria, esta ampararase na seguinte normativa:

a) No Regulamento (UE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, e

b) No Regulamento (UE) nº 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis*.

Esta convocatoria de axudas está cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nunha porcentaxe do 75 %.

O acordo do Consello de Dirección da Agader, do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución da Agader do 24 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto), delegou na persoa titular da Dirección Xeral da Agader a competencia para realizar esta convocatoria.

Tendo en conta o anterior,

RESOLVO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta resolución ten como obxecto convocar, mediante tramitación antipada de gasto, en relación coa medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR), con cargo ás anualidades 2017 e 2018, en réxime de concorrencia competitiva, as subvencións que corresponden coa submedida 19.2 do PDR (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local).

2. Esta convocatoria está sometida ás bases reguladoras das axudas que se tramiten ao abeiro da medida Leader (submedidas 19.2 e 19.4), cofinanciadas co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020, que aprobou o Consello de Dirección da Agader, mediante o Acordo do 29 de decembro de 2016, e se publicaron mediante a Resolución da Agader do 29 de decembro de 2016 (DOG núm. 12 , do 18 de xaneiro de 2017).



Artigo 2. *Financiamento*

1. Para o financiamento desta convocatoria, no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, está consignado un crédito de 13.520.102 € nas aplicacións orzamentarias de Agader 13.A1.712A.7600, 13.A1.712A.7700 e 13.A1.712A.7810 (aplicación orzamentaria 13.04.712A.732.09 da Consellería do Medio Rural, proxecto 2016-00221 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural).

Con respecto á anualidade 2018, está retido un crédito de 7.630.000 €.

A concesión de subvencións ao abeiro desta convocatoria está sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

2. No marco da medida 19 (Leader), submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme á estratexia de desenvolvemento local), do PDR de Galicia 2014-2020, o crédito indicado está cofinanciado nun 75 % polo Feader, nun 2,5 % pola Administración xeral do Estado e nun 22,5 % pola Comunidade Autónoma de Galicia.

3. As contías indicadas poderán incrementarse en función das solicitudes presentadas, sempre que teña lugar unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa, segundo prevé o artigo 31 da LSG e o artigo 30 do regulamento da dita lei, que se aprobou mediante o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro), e deberase publicar no DOG o aludido incremento de contía.

4. A distribución dos importes para as anualidades 2017 e 2018 sinálase, globalmente e por cada un dos GDR, nos anexos I e II, respectivamente, desta convocatoria.

5. En relación cos importes consignados no citado anexo II, no cal se recolle a distribución económica por GDR, cómpre sinalar que os ditos importes poderán ser obxecto de redistribución entre os distintos GDR nos supostos de non se rexistraren solicitudes suficientes nalgún ou nalgúns GDR ou se a calidade dos proxectos presentados neles non acadase a puntuación mínima exixida para ser subvencionables.

Artigo 3. *Solicitudes de axuda*

1. As solicitudes de axuda dirixiranse, tendo en conta a localización do investimento, ao GDR que corresponda e presentaranse no formulario e coa documentación previstos no artigo 9 das bases reguladoras a que está sometida esta convocatoria.



2. Segundo o establecido no artigo 8 das bases reguladoras, o prazo de presentación de solicitudes será dun mes, como mínimo, iniciándose o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG e estará aberto durante todo o período de execución da medida Leader, coa data límite que determine cada GDR en función da dispoñibilidade de fondos.

Artigo 4. *Execución e xustificación dos investimentos*

A data límite para executar e xustificar os investimentos vinculados aos proxectos subvencionados será a que estableza cada unha das resolucións de concesión de axuda, no marco do calendario xeral previsto nas bases reguladoras.

Artigo 5. *Devolución de axudas*

Conforme o previsto no artigo 64 do regulamento da LSG, os beneficiarios poderán devolver voluntariamente, na conta da entidade financeira Abanca nº ES19 2080 0388 2831 1000 1396, as axudas percibidas. No concepto da transferencia indicárase «Devolución da convocatoria Leader 2017-18» e mais o «Nº de expediente».

Disposición adicional primeira. *Recursos*

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela que corresponda, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da citada publicación no DOG.

Disposición adicional segunda. *Información*

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web da Agader <http://agader.xunta.es>
- b) Na *Guía de procedementos e servizos*, no enderezo:

<https://sede.xunta.es/guia-de-procedementos>



c) No teléfono 981 54 73 62 (Agader).

d) De xeito presencial, na Agader (lugar da Barcia 56, Laraño, 15897 Santiago de Compostela), con cita previa no teléfono 981 54 73 62.

e) Páxina web e sede dos GDR de Galicia. A relación dos GDR está publicada na antedita páxina web da Agader.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para a xestión da convocatoria*

A Dirección Xeral da Agader poderá ditar os actos necesarios para asegurar a correcta aplicación desta convocatoria.

Disposición derradeira segunda. *Eficacia da convocatoria*

Esta resolución será aplicable desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2016

Miguel Ángel Pérez Dubois
Director xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural

ANEXO I

Subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 de Leader (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local)
Aplicacións-proxectos da convocatoria 2017-2018

Aplicacións-proxectos para a anualidade 2017:

Acción (submedida)	Aplicación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Proxecto da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Aplicación da Agader	Proxecto da Agader	Orzamento inicial GPT	Orzamento inicial Feader
01/19/20	13.04.712A.732.09	2016-00221	13.A1.712A.7600	2016 00001	3.380.026 €	2.535.019 €
01/19/20	13.04.712A.732.09	2016-00221	13.A1.712A.7700	2016 00001	8.788.066 €	6.591.049 €
01/19/20	13.04.712A.732.09	2016-00221	13.A1.712A.7810	2016 00001	1.352.010 €	1.014.008 €
Total					13.520.102 €	10.140.076 €



Aplicacións-proxectos para a anualidade 2018:

Acción (submedida)	Aplicación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Proxecto da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural	Aplicación da Agader	Proxecto da Agader	Orzamento inicial GPT	Orzamento inicial Feader
01/19/20	13.04.712A.732.09	2016-00221	13.A1.712A.7600	2016 00001	1.907.500 €	1.430.625 €
01/19/20	13.04.712A.732.09	2016-00221	13.A1.712A.7700	2016 00001	4.959.500 €	3.719.625 €
01/19/20	13.04.712A.732.09	2016-00221	13.A1.712A.7810	2016 00001	763.000 €	572.250 €
Total					7.630.000 €	5.722.500 €

ANEXO II

Distribución por GDR para o financiamento da submedida 19.2 de Leader
(apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local)
Convocatoria 2017-2018

Número e nome do GDR	Anualidade 2017	Anualidade 2018	Suma de anualidades 2017 e 2018
GDR 01: Terras de Miranda	563.337,58	278.567,66	841.905,24
GDR 02: Terra Chá	563.337,58	370.536,91	933.874,49
GDR 03: Montes e Vales Orientais	563.337,58	431.381,93	994.719,51
GDR 04: Comarca de Lugo	563.337,58	283.041,43	846.379,01
GDR 05: Miño Ulla	563.337,58	324.698,13	888.035,71
GDR 06: Ribeira Sacra	563.337,58	406.098,17	969.435,75
GDR 07: Valdeorras	563.337,58	330.137,56	893.475,14
GDR 08: Sil Bibeí Navea	563.337,58	420.721,75	984.059,33
GDR 09: Monteval	563.337,58	319.860,05	883.197,63
GDR 10: A Limia Arnoia	563.337,58	354.628,64	917.966,22
GDR 11: Adercou	563.337,58	283.041,43	846.379,01
GDR 12: O Carballiño-O Ribeiro	563.337,58	301.819,75	865.157,33
GDR 13: Condado Paradanta	563.337,58	278.567,66	841.905,24
GDR 14: Baixo Miño	563.337,58	281.702,08	845.039,66
GDR 15: Pontevedra-O Morrazo	563.337,58	291.323,57	854.661,15



Número e nome do GDR	Anualidade 2017	Anualidade 2018	Suma de anualidades 2017 e 2018
GDR 16: Pontevedra Norte	563.337,58	343.968,46	907.306,04
GDR 17: O Salnés-Ulla-Umia	563.337,58	278.567,66	841.905,24
GDR 18: Deloa	563.337,58	278.567,66	841.905,24
GDR 19: Terras de Compostela	563.337,58	278.567,66	841.905,24
GDR 20: Ulla-Tambre-Mandeo	563.337,58	302.339,09	865.676,67
GDR 21: Ordes	563.337,58	279.816,05	843.153,63
GDR 22: Costa da Morte	563.337,58	315.295,31	878.632,89
GDR 23: Mariñas Betanzos	563.337,58	292.662,93	856.000,51
GDR 24: Seitura 22	563.337,66	304.088,46	867.426,12
Importes totais	13.520.102	7.630.000	21.150.102

